

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA**

CORRECCIÓN DE ERROS. Resolución do 27 de decembro de 2023 pola que se dá publicidade do Acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas para a atracción de empresas a Galicia, susceptibles de seren cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, e se realiza a súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva (código de procedemento IG408H).

Advertidos erros na referida resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* núm. 14, do 19 de xaneiro de 2024, procede facer as seguintes correccións:

Na páxina 5089, no artigo 21.3.m), onde di:

«m) Incumprimento das condicións específicas definidas no artigo 18.1.h) destas bases, no caso de proxectos que requiran a realización de obra civil», debe dicir: «m) Incumprimento das condicións específicas definidas no artigo 18.1.h) destas bases, no caso de proxectos que requiran a realización de obra civil, afectando a perda total só este concepto de investimento, agás o disposto no punto 4 seguinte deste mesmo artigo».

Na páxina 5097, no anexo I, no punto 1. Xerais, na letra B) punto 5, onde di:

«5. Adquisición de activos dun establecemento.

(...)

Os proxectos deberán acadar a seguinte simetría entre o investimento infraestrutural (obra civil e outros conceptos inmobiliarios), que denominaremos «O» e o investimento subvencionable en bens de equipamento, que denominaremos «M». O importe que se subvencionará no conxunto de investimento «O» será, como máximo, 1,5 veces «M».

(...))».

Debe dicir:

«5. Adquisición de activos dun establecemento.

(...)

Os proxectos deberán acadar a seguinte simetría entre o investimento infraestrutural (obra civil e outros conceptos inmobiliarios), que denominaremos «O» e o investimento



subvencionable en bens de equipamento e outros investimentos en activos fixos, que denominaremos «M». O importe que se subvencionará no conxunto de investimento «O» será, como máximo, 1,5 veces «M».

(...).

